



PALABRAS DE MANUEL BALTAR, PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE, NO ACTO LITERARIO DE ENTREGA DA XXXIV EDICIÓN DO PREMIO DE NOVELA LONGA EDUARDO BLANCO-AMOR

Sr. alcalde.....Autoridades presentes, Xurado cualificador, D. Xavier Queipo, novelista premiado, escritoras, escritores, artistas e demais protagonistas do mundo cultural ourensán e galego, amigas e amigos.

Fala quen, de moi neno, coñeceu a Eduardo Blanco Amor, veciño do edificio Domingo Savio, nas Lagoas, na rúa que hoxe leva o nome deste xigante das nosas letras.

Falo a metros da Fonte do Rei, escenario dunha das obras máis importantes da nosa literatura, A Esmorga, traducida ao inglés, On a bender, por Craig Patterson, coa colaboración do goberno provincial de Ourense.

Hoxe é un día importante para a creatividade, concretamente para a nosa literatura, que non é outra que a soñada, concibida e escrita na lingua propia deste noso país, en galego, no idioma de Galicia. E é día de mérito, tamén, para Ourense e para os ourensáns, porque estamos devolvéndolle a un dos nosos máis grandes escritores, a Eduardo Blanco-Amor, un pouquiño do moito que el nos aportou coa súa obra. Sabido é que a pesar de ter emigrado á República Arxentina, en 1919, con vinte e dous anos e que na súa longa estancia americana foi onde se converteu nun profesional do xornalismo e da literatura -co que isto significa como exemplo de talento e de esforzo superador-, nunca abandonou o sentimento e o pulo creativo que lle daba ser de aquí, sentirse ourensán, exercer sempre de ourensán, elevar a súa Auria á máis alta categoría literaria.

Moitos, con maior autoridade ca min, teñen estudado a relación de Blanco-Amor con Ourense, coa cidade na que naceu e tamén coa súa “provincia e bispado”, como el gustaba de chamarlle. Ese sentimento, esa relación de amor e de orgullo, unhas veces, e de sátira e crítica terrible, outras, en definitiva, como ocorre con outros grandes da Literatura como Joyce con Irlanda, é a relación dun autor ou autora coa patria creativa, o máis profundo dunha realidade que pode manifestar positiva ou negativamente, pero sempre con altura, con categoría artística. Este é o caso de Blanco-Amor, Ourense e o ourensanismo están nos seus libros, non son casualidades nin anécdotas. Aínda máis, el fixo, conscientemente, de Ourense e da ourensanía a súa principal materia literaria. Aí están “A esmorga” e “Xente ó lonxe”, pero tamén “La catedral y el niño”, “Los miedos” e “Os biosbardos”, pezas enteiras da mellor prosa, da que pervive, unha potencia verbal e técnica, en galego e castelán, dificilmente superada.

E Ourense foi parte substancial de centos e centos de páxinas xornalísticas que nos legou e que temos a obriga de recuperar, Maribel Outeiriño e Luís González Tosar están traballando na recolleita dos seus artigos en “La Región”, que serán editados pola Deputación baixo o título, moi blancoamorián, moi ourensán, de: “A perigosa aventura de vivir nun pobo”.

Eduardo Blanco-Amor quixo ser, desde rapaz, aquí en Ourense, un escritor. Logrouno lonxe, chegoulle o recoñecemento, que non a gloria, polo seu esforzo, polo seu talento, polo traballo. Pero tivo que ser en Buenos Aires, en Montevideo, en Santiago de Chile, en Caracas, por onde pasou foi deslumbrando e, ao mesmo tempo, engrandecendo a Ourense e a Galicia. Como el mesmo dicía: “ No meu caso, o oficio de escribir non foi nunca exclusiva ansia de lucimento estético, ocasional exercicio, maior ou menor, da arte literaria, para min, ó longo dunha vida coa que me encarei desde ámbitos e condicionamentos moi distintos, a escritura e, claro, tamén a literatura, foron, seguen sendo ós meus anos, un medio de vida, de subsistencia.”

Seguimos, continuamos, na liña de posta en valor, de reivindicación e de compromiso coa figura e coa obra de Eduardo Blanco-Amor, na que a Deputación de Ourense, como institución representativa de todas e de todos os ourensáns, atenta aos seus logros e consecucións, dentro e fóra do noso territorio - ser de Ourense é moito máis que pertencer a unha provincia-, ten estado sempre, aportando os recursos necesarios para que a memoria viva de quen recreou e elevou a Auria perdure e teña maior difusión.

Aquí están, neste Centro Cultural, o seu arquivo, a súa biblioteca, moitos obxectos persoais, todo a disposición dos investigadores. Aí está, nos Xardíns do Bispo Cesáreo, o seu monumento, promovido pola Deputación, obra do escultor ourensán Xosé Cid, aí está a edición masiva da súa emblemática novela, distribuída gratuitamente entre todos os escolares da provincia co gallo do 50 aniversario de “A Esmorga”. Aí está o exitoso filme de Ignacio Vilar, no que a Deputación colaborou decididamente. E seguimos traballando na Fundación Eduardo Blanco-Amor, neste momento en trámite administrativo para a súa constitución definitiva. Aí está ese magnífico conxunto escultórico representativo da súa poesía, da súa narrativa, do seu teatro, na Insua dos Poetas, grazas ao entusiasmo de Luís González Tosar e ao talento artístico de Acisclo Manzano.

Hoxe sumamos, a esta serie de consecucións, que forman parte da nosa obriga con Eduardo Blanco-Amor, a reedición da magnífica “Antoloxía popular” de Frei Benito Jerónimo Feijóo que Blanco-Amor preparou e prologou nos anos 60, para conmemorar o bicentenario do pasamento do sabio ilustrado de Casdemiro. Rescatamos este libro como homenaxe tripla; ao Padre Feijóo, un dos máis grandes ourensáns de todos os tempos, a Eduardo Blanco-Amor, admirador e autoridade competente do pensamento de quen el chamaba Pai Mestre e, non en menor grao, aos nosos emigrantes en Bos Aires que mantiveron a luz da cultura e da política galega naquela longa noite de pedra. Sen eles, non sería posible a nosa autonomía e o actual autogoberno.

E tamén estamos dispostos a engadir a ese mundo blancoamorián, que tanto prestixia a Ourense, o presente galardón, que organizamos con moito gusto e que, con trinta e catro edicións de andadura, constitúe o fundamento da novela galega do Século XXI, da que forma parte como principal activo, Xavier Queipo, a quen felicitei o pasado venres, e a quen lle reitero os meus parabéns e a disposición de colaborar para que a súa novela, “Os Kowas”, teña a edición e a difusión que se merece. A lingua e a cultura de Galicia son o fundamento da nosa



identidade e, como tal, debemos comprometernos con feitos tanxibles, con realidades que permitan avanzar e normalizar, moito máis que con palabras e boas intencións.

Graciñas a todos pola vosa presenza, seguiremos aportando e apostando por Eduardo Blanco-Amor, porque el soubo erguer un mundo enraizado nesta cidade, nesta provincia, en Galicia enteira, en toda América, no universo marabilloso das palabras que transforman e que dignifican. As grandes palabras dos poetas.

Moitas grazas